



**CIRCULAR Nº 2/2020 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DESENVOLVE A ORDE DO 22 DE ABRIL DE 2010, POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO QUE CÓMPRE SEGUIR NAS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS OUTORGADAS NO SEGUNDO CURSO DO BACHARELATO ESTABLECIDO NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN, PARA O CURSO 2019-2020.**

A Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 4 de maio) ten por obxecto permitir a revisión das reclamacións ás cualificacións finais co tempo suficiente para que o alumnado coñeza a súa situación académica antes do inicio da avaliación final de bacharelato para o acceso á universidade (en adiante, ABAU).

A Resolución do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento no curso académico 2019-2020, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 22) establece, no punto vixésimo noveno do capítulo V, os elementos que incluírán as programacións didácticas.

A Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 decreta a suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario con efectos do día 16 de marzo de 2020.

A Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.





O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, no seu artigo 9.1, suspende a actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino contemplados no artigo 3 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, incluído o ensino universitario, así como calquera outra actividade educativa ou de formación impartida noutros centros públicos ou privados.

A Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 no seu artigo 4 establece como directriz a flexibilización do currículo e das programacións didácticas.

As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, no punto 6 das directrices xerais establecen a revisión dos currículos e as programacións didácticas para centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e alumnas, en función da súa etapa, curso, área ou materia, e a adaptación das programacións didácticas.

Co fin de desenvolver e executar o disposto na citada Orde do 22 de abril de 2010 e establecer o calendario do procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso de bacharelato para o presente curso 2019-2020, e en virtude da habilitación outorgada na súa disposición derradeira primeira, esta dirección xeral dita as seguintes

## INSTRUCCIÓNS

### Primeira. Revisión das cualificacións

1. O procedemento fixado pola Orde do 22 de abril de 2010 e pola presente circular refírese exclusivamente ás cualificacións finais obtidas nas materias de segundo curso de bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada parcialmente pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, na convocatoria ordinaria e extraordinaria, contra as que se pode presentar reclamación nos termos establecidos no punto 1 do artigo segundo da citada Orde do 22 de abril de 2010.

2. De conformidade co expresado no punto anterior, as reclamacións feitas polo alumnado de segundo curso sobre as cualificacións obtidas na materia ou nas materias pendentes de primeiro curso deberán resolverse previamente na xefatura





territorial correspondente.

## Segunda. Reclamacións ante o centro

### a) Lugar e prazo de presentación

As reclamacións contra as cualificacións finais obtidas nas materias de segundo curso de bacharelato presentaranse por escrito, no centro no que se cursaran, dirixidas á dirección do centro, nos seguintes prazos:

**Convocatoria ordinaria: 10 e 11 de xuño de 2020 (ata as 14.00 horas).**

**Convocatoria extraordinaria: 3 e 4 de setembro de 2020 (ata as 14.00 horas).**

No suposto de que algunha destas datas fose inhábil, o prazo prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

A dirección do centro someterá as reclamacións á consideración do departamento correspondente, que emitirá unha resolución motivada.

### b) Resolución do departamento

1. A resolución do departamento deberá estar motivada. O departamento analizará as actuacións seguidas no proceso de avaliación, con especial referencia á adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e cualificación, estándares de aprendizaxe avaliábeis, e procedementos e instrumentos de avaliación aplicados cos recollidos na programación didáctica e na súa adaptación, así como a correcta aplicación dos criterios de avaliación e cualificación establecidos. Para iso, a resolución do departamento terá en conta:

Na convocatoria ordinaria:

- O informe documentado e motivado do profesor ou profesora da materia.
- As avaliacións realizadas ao alumnado.
- Os exames e traballos realizados durante o curso.
- A programación didáctica.
- A adaptación da programación didáctica, de acordo co establecido no punto 6 das directrices xerais das citadas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Na convocatoria extraordinaria:

- O informe documentado e motivado do profesor ou profesora da materia.
- A correspondente proba.





- A programación didáctica.
- A adaptación da programación didáctica

2. Na resolución indicárase que contra ela o alumnado ou os seus representantes legais poden solicitar que a dirección remita o expediente de reclamación á comisión de supervisión, sinalando o prazo e o lugar de presentación desa solicitude nos termos que figuran no apartado a) da instrución terceira desta circular.

3. O departamento emitirá un informe, que se remitirá así mesmo á comisión de supervisión, tal e como establece o punto 3 do artigo segundo da Orde do 22 de abril de 2010, no que se recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tiveran lugar, a análise realizada das actuacións seguidas no proceso de avaliación e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto da revisión.

#### c) Notificación da resolución do departamento

1. A dirección do centro, ao establecer o calendario do presente procedemento, deberá fixar a data do acto no que se procederá a entregar aos/ás interesados/as a resolución do departamento, de rectificación ou ratificación da cualificación outorgada.

2. No devandito acto, o alumno ou a alumna, ou os seus representantes legais, asinarán unha copia da resolución na que se fará constar a data e a hora de entrega. Nos casos de non comparecencia, o/a director/a estenderá a oportuna dilixencia onde se indique a dita circunstancia.

#### d) Efectos

No caso de que o departamento considerase procedente rectificar a cualificación reclamada e logo de transcorrido o prazo de 24 horas, ao que se refire o apartado a) da instrución terceira desta circular, sen que o/a interesado/a manifestase o seu desexo de elevar a reclamación ante a comisión de supervisión, a dirección do centro ordenará formalmente a dita rectificación e estenderase a oportuna dilixencia na acta de avaliación e no expediente do/a interesado/a, onde se faga constar a data da resolución do departamento correspondente.

### **Terceira. Reclamacións ante a comisión de supervisión**

#### a) Lugar e prazo de presentación das reclamacións





No prazo de 24 horas, contadas desde a notificación da resolución á que se refire o apartado c) da instrución segunda desta circular, o alumno ou a alumna, ou os seus representantes legais, poden solicitar por escrito no centro no que presentou a súa reclamación que a dirección remita o expediente de reclamación á comisión de supervisión.

b) Comunicación á comisión de supervisión

Rematado o prazo ao que se refire o apartado a) desta instrución, a dirección do centro comunicará á comisión de supervisión a relación de alumnado que presentou reclamación no centro para elevar ante a dita comisión, con indicación da materia ou materias obxecto de reclamación.

Esa comunicación, dirixida á persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, farase mediante correo electrónico dirixido a [inspeccion.educativa.sc@xunta.gal](mailto:inspeccion.educativa.sc@xunta.gal) con copia a [scpie@edu.xunta.gal](mailto:scpie@edu.xunta.gal) indicando o seu carácter urxente, e enviarase no seguinte prazo:

**Convocatoria ordinaria: antes das 18.00 horas do 16 de xuño de 2020.**

**Convocatoria extraordinaria: antes das 18.00 horas do 7 de setembro de 2020.**

c) Confección do expediente de reclamación

1. Cada expediente de reclamación referirase a un só alumno ou alumna e a unha soa materia.

2. Os documentos que conforman cada expediente son os seguintes:

- Copia da reclamación razoada presentada polo alumno ou a alumna, ou polos seus representantes legais.

- Escrito de solicitude do alumno ou alumna, ou dos seus representantes legais, onde se manifieste o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á comisión de supervisión.

- Copia da resolución motivada do departamento da materia da que se solicita a revisión.

- Copia do informe do departamento que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tiveran lugar, a análise do proceso de avaliación realizada conforme os puntos establecidos na Orde do 22 de abril de 2010 e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto da revisión, tal e como indica o punto 3 do artigo segundo desa orde.

- Copia da programación didáctica do departamento da materia da que se solicita





revisión.

- Copia da adaptación da programación didáctica, de acordo co disposto nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Copia da acta de avaliación final do curso e grupo da persoa reclamante.

- Informe da dirección do centro no que conste a data de entrega das cualificacións, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.

3. No caso da convocatoria ordinaria, ademais dos documentos indicados no punto anterior, incorporaranse a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesor ou profesora da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso.

- Instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do alumno ou alumna (exames, traballos e demais material elaborado polo alumnado ao longo do curso na materia obxecto da reclamación).

4. No caso da convocatoria extraordinaria, ademais dos documentos indicados no punto 2, incorporaranse a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesor ou profesora da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista da proba extraordinaria.

- A proba extraordinaria.

#### d) Remisión do expediente

Debido á urxencia da recepción dos expedientes, que deberán ser analizados pola comisión de supervisión co tempo suficiente para poder emitir unha resolución antes da matrícula na ABAU, é preciso que a dirección do centro garanta o procedemento oportuno para que os expedientes de reclamación sexan recibidos en tempo e forma pola comisión de supervisión.

Os expedientes de reclamación enviaranse a través da sede electrónica empregando unha solicitude xenérica (código do procedemento PR004A) dirixida á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, indicando no Asunto relacionado “Comisión de supervisión de reclamacións de segundo curso de bacharelato”.

Anexarase ao expediente o documento que figura como Anexo I nesta circular,





asinado pola dirección do centro.

Ademais enviarase copia do expediente, xunto co xustificante de envío da sede electrónica ao correo [inspeccion.educativa.sc@xunta.gal](mailto:inspeccion.educativa.sc@xunta.gal) con copia ao correo [scpie@edu.xunta.gal](mailto:scpie@edu.xunta.gal), nos prazos que se indican a continuación:

**Convocatoria ordinaria: antes das 14.00 horas do 18 de xuño de 2020.**

**Convocatoria extraordinaria: antes das 14.00 horas do 8 de setembro de 2020.**

e) Resolución da comisión de supervisión

1. Tal como establece o artigo terceiro da Orde do 22 de abril de 2010, a comisión de supervisión estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo e constituída por un inspector ou unha inspectora e unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, membro dos grupos de traballo na avaliación de bacharelato para o acceso á universidade. A comisión estará asistida por unha subcomisión técnica de especialistas na materia para que emita o informe correspondente.

2. A comisión de supervisión poderá solicitar informes da inspección educativa sobre as adaptacións das programacións didácticas das materias afectadas polas reclamacións.

3. O/a presidente/a da comisión de supervisión convocará os membros correspondentes da subcomisión técnica, formada por un/unha inspector/a de Educación e un/unha profesor/a, preferentemente membros dos grupos de traballo das materias obxecto de exame na ABAU afectados polas reclamacións presentadas ou, no caso de reclamación a materias que non sexan obxecto de exame na avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, convocaranse dúas persoas especialistas na materia en cuestión, para que emitan os correspondentes informes.

4. A comisión de supervisión á vista da documentación que conste no expediente e dos informes emitidos pola subcomisión técnica, e de ser o caso dos informes emitidos pola inspección educativa sobre as adaptacións das programacións didácticas, resolverá no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes do inicio da ABAU.

f) Notificación da resolución da comisión de supervisión

1. O acordo adoptado pola comisión de supervisión terá efectos plenos e deberá ser notificado ao/á interesado/a a través da dirección do centro e, no caso de que supoña que o alumnado poida realizar a ABAU, á Comisión Interuniversitaria de Galicia.

2. Contra a resolución da comisión de supervisión, que esgota a vía administrativa, o interesado ou a interesada, ou os seus representantes legais, poderán interpor





recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

g) Efectos

No caso de que a resolución da comisión de supervisión rectifique a cualificación reclamada, a dirección do centro ordenará formalmente dita rectificación e estenderase a oportuna dilixencia na acta de avaliación e no expediente do interesado ou da interesada, facéndose constar a data da resolución da comisión de supervisión.

**Cuarta. Publicidade**

As direccións dos centros públicos e privados nos que se imparte bacharelato adoptarán as medidas precisas para que todo o alumnado de 2º de bacharelato coñeza o contido desta circular.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

**Directores/as dos centros públicos e privados nos que se imparte bacharelato.**  
**Xefes/as territoriais da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.**  
**Xefes/as dos servizos territoriais de Inspección Educativa.**







## ANEXO I

### **Expediente de reclamación das cualificacións outorgadas no 2º curso de bacharelato polo/a alumno/a ..... na materia de .....**

D./Dña..... con DNI..... como director/a do centro..... con código ..... acredito que os documentos que a continuación se achegan son copia dos orixinais que obran en posesión do centro educativo:

- Copia da reclamación razoada presentada polo/a alumno/a....., ou polos seus representantes legais, na materia de .....
- Escrito de solicitude do alumno ou alumna, ou dos seus representantes legais, onde se manifieste o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á comisión de supervisión.
- Copia da resolución motivada do departamento da materia da que se solicita a revisión.
- Copia do informe do departamento que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tiveran lugar, a análise do proceso de avaliación realizada conforme os puntos establecidos na Orde do 22 de abril de 2010 e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto da revisión, tal e como indica o punto 3 do artigo segundo desa orde.
- Copia da programación didáctica do departamento da materia de..... da que se solicita revisión.
- Copia da adaptación da programación didáctica de acordo co establecido nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Copia da acta de avaliación final do curso e grupo da persoa reclamante.





- Informe da dirección do centro no que conste a data de entrega das cualificacións, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.
- Informe documentado e motivado do profesor ou profesora da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso. (Convocatoria ordinaria)
- Instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación do/a alumno/a.....  
(exames, traballos e demais material elaborado polo alumnado ao longo do curso na materia obxecto da reclamación). (Convocatoria ordinaria)
- Informe documentado do profesor ou profesora da materia de.....  
respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista da proba extraordinaria.(Convocatoria extraordinaria)
- A proba extraordinaria. (Convocatoria extraordinaria)

....., .... de ..... de 2020

O/a director/a

